



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

fundación  
**caixanova**



 ciclo caixanova  
**MÚSICA DE RAÍCES**



**Uxía**

**Galicia**

5/2/2009 - 21.00 h  
Teatro Rosalía Castro



**Maria de Medeiros**

**Portugal**

15/2/2009 - 20.00 h  
Teatro Rosalía Castro



**Omara Portuondo**

**Cuba**

13/3/2009 - 21.00 h  
Coliseum (aforo teatro)



**Serrat**

**Cataluña**

29/3/2009 - 20.00 h  
Palacio da Ópera



**Mariem Hassan**

**Sahara Occidental**

9/4/2009 - 21.00 h  
Teatro Rosalía Castro



**Mayte Martín**

**Cataluña**

16/4/2009 - 21.00 h  
Teatro Rosalía Castro



**Ballet Folklórico  
Nacional de Cuba**

**Cuba**

24/4/2009 - 21.30 h  
Coliseum (aforo teatro)



**Lila Downs**

**México**

22/5/2009 - 22.00 h  
Coliseum (aforo teatro)



**Fía na roca**

**Galicia**

28/5/2009 - 21.00 h  
Teatro Rosalía Castro



5/2/2009  
21.00 h - Teatro Rosalía Castro

Prezo: 13 / 9 / 7 / 6 €

MÚSICAIRAÍCES

## Uxia

Galicia

Paulo Borges, piano e dirección musical  
Santi Crieiro, acordeón  
Quiné, batería e percusións  
Xacobe Martínez, contrabaixo  
Rubén Santos, trombón  
Jon Luz, cavaquinho

Máis de vinte anos de carreira artística converten a Uxia nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. Agora preséntanos o seu novo disco, "Eterno navegar". Partindo da tradición e das atmosferas do seu lugar de orixe, Galicia, Uxia reinventa e personaliza os sons que a relacionan con países como Portugal, Brasil ou Cabo Verde. O Atlántico impregna o seu novo traballo, un paseo polos ambientes e ritmos destes territorios retomando tamén a música e a poesía do seu país. Conxuga á perfección o compás dos tambores coas doces melodías galegas e funde o fado o alalá e a morna para destilar un perfume único.

Duración: 75 min.



15/2/2009  
20.00 h - Teatro Rosalía Castro

Prezo: 17 / 13 / 11 / 9 €

MÚSICAIRAÍCES

## Maria de Medeiros

Portugal

Pascal Salmon, piano  
Edmundo Magalhaes, percusión  
Romulo Marques, contrabaixo

"A little more blue", lixeiramente máis "azul", máis melancólico, un pouco "a carón" da celebración festiva dunha cultura chea de cores e contrastes. Este título dunha das cancións compostas no exilio por Caetano Veloso corresponde sen dúbida ao espírito desta viaxe a través dun repertorio íntimo e fundamental. Unha homenaxe "azul" matizada pola distancia que nos separa dos anos revolucionarios, manchada pola "saudade" da cultura lusa.

Duración: 90 min.



13/3/2009  
21.00 h - Coliseum  
(aforo limitado)

Prezo: 18 / 12 €

MÚSICAIRAÍCES


## Omara Portuondo

Cuba

Swami Jr, guitarra e dirección musical  
Harold Lopez Nussa, piano  
Felipe Cabrera, contrabaixo  
Andrés Coayo, percusión  
Rodney Yllarza Barreto, drums

Omara Portuondo publica "Gracias" (Producciones Montuno), o disco co que celebra os seus 60 anos de profesión. Gravado o ano pasado na Habana coa participación de Avishai Cohen, Trilok Gurtu, Chico Buarque e Chucho Valdés, entre outros, e producido por Alê Siqueira, o repertorio deste novo traballo está formado por aqueles temas que a propia Omara sempre quixera cantar.

Duración: 95 min.



29/3/2009  
20.00 h - Palacio da Ópera

Prezos: 30 / 25 / 20 / 16 €

MÚSICAIRAÍCES

## Serrat

Cataluña

Escenografía: **Fabià Puigserver**  
Piano: **Ricard Miralles**

Duración: 75 min.

Serrat reanuda a súa xira en solitario co formato máis íntimo de todos cantos ten representado, "100 x 100 Serrat". Este concerto regresa aos escenarios renovado e avalado por un grande éxito de público e crítica, con máis de 300 concertos e máis de 600.000 espectadores en España e Latinoamérica. "100 x 100 Serrat" amosa un Serrat máis próximo ca nunca. É a oportunidade de achegarse á esencia do artista. Serrat complementa a súa voz só coa súa guitarra e o piano de Ricard Miralles.



9/4/2009  
21.00 h - Teatro Rosalía Castro

Prezos: 13 / 9 / 7 / 6 €

MÚSICAIRAÍCES

## Mariem Hassan

Sahara Occidental

Mariem Hassan é a voz máis representativa da música do Sáhara Occidental e dalgún xeito é considerada a súa embaixadora. Coa axuda de dúas guitarras eléctricas (substitutas da tidinit, un rústico laúde), e de dous tebaís (tambores) tocados por mulleres, sintetizou o espírito do haul e, sen perder un ápice da súa frescura, situouno no século XXI. A consagración chegoulle con "Deseos", o seu primeiro álbum en solitario. Da man de Baba Salama como produtor e guitarrista, e coa asistencia do seu irmán Boika Hassan, logra unha obra sólida e impecable, onde as guitarras gozan dunha liberdade ata agora descoñecida nos territorios do haul.



16/4/2009  
21.00 h - Teatro Rosalía Castro

Prezos: 17 / 13 / 11 / 9 €


MÚSICAIRAÍCES

## Mayte Martín

Cataluña

Mayte Martín, voz y guitarra  
Jose Luis Montón, guitarra  
Guillermo Prats, contrabajo  
Olvido Lanza, violín  
Chico Fargas, percusión

Versátil, a cantaora barcelonesa divide os seus esforzos entre o flamenco, os espectáculos coa bailaora Belén Maya e os boleros. Leva media vida saltándose os tópicos e namorando os afeccionados ao bo flamenco. Mayte Martín pertence a esa estraña categoría de artistas que non precisan, nin queren, sacar un disco cada dous anos para sobrevivir, nin por conservaren un sitio na actualidade ou na memoria dun público a quen adoita importarlle pouco se cantará boleros ou flamenco, estilos que tocou e toca segundo llo dita o corazón, e sempre con éxito.



24/4/2009  
21.30 h - Coliseum

Prezos: 13 / 10 €

MÚSICAIRAÍCES

## Ballet Folklórico Nacional de Cuba

Cuba

Director general e artístico e coreógrafo principal: **Manolo Micler**  
Asesor folklórico e libretista; Premio nacional de danza;  
Premio nacional de investigación;  
poeta, escritor e fundador: **Dr. Rogelio Martínez Furé**

43 anos despois da súa fundación, desenvolveu un estilo de arte folclórico teatral de grande efectividade escénica e estética, que reflicte as diversas tradicións culturais cubanas, tanto de orixe europea (hispanicas ou francesas), como de antecedentes africanos (yoruba, congo, carabali, arará, etc.) ou chegadas a Cuba dende outras illas caribeñas. Realizou máis de 80 xiras por 45 países e recibiu, entre outros, o Tonel de Ouro e o Colar de Prata en Dijon (Francia) e o Templo de Ouro en Agrigento (Italia).



22/5/2009  
22.00 h - Coliseum  
(aforo limitado)

Prezos: 18 / 12 €

MÚSICAIRAÍCES

## Lila Downs

México

Paul Cohen, clarinete, saxo - Celso Duarte, harpa, violín, xaranga  
Juancho Herrera, guitarra eléctrica - Yayo Serka, batería  
Somei Torres, percusión - Carlos Henderson, baixo  
Rob Curto, acordeón

"Eu xa marcho porque os anos pasan, pero vén no meu lugar unha señora chamada Lila Downs", dixo Chavela Vargas no seu concerto de despedida na cidade de México. Lila Downs é un dos grandes estímulos que deu a música nos últimos anos. "Ojo de culebra" publicouse despois do magnífico e exitoso "La cantina" (2006) e chega inzado de interesantes colaboracións: LaMari de Chambao, Enrique Bumbury, Rubén Albarrán, Mercedes Sosa, Raúl Midón e Gilberto Gutiérrez.



28/5/2009  
21.00 h - Teatro Rosalía Castro

Prezos: 13 / 9 / 7 / 6 €

MÚSICAIRAÍCES

## Fía na roca

Galicia

Formación: Sonia Lebedynski, Gíao Rodríguez,  
Xosé Ramón Vázquez, Roberto Santamarina, Xabier Olite,  
Roberto Rama, Carlos Castro

Este grupo é, sen lugar a dúbidas, un dos máis representativos do folk galego grazas á súa forma de combinar a tradición con ideas propias e as máis diversas influencias, dando lugar a un estilo inconfundible e dunha gran calidade. En concerto, o grupo logra transmitir ao oínte todo o sentimento agochado no desenvolvemento dos temas. A música está destinada a atrapar e emocionar a audiencia, tanto durante as súas pasaxes máis melancólicas e intimistas coma nas máis vivas e alegres. Por iso, Fía na Roca conseguiu un público fiel e incondicional, que valora un directo sincero e sen artificios, onde a sensibilidade é o seu compoñente principal.

## Información Xeral

A Organización agradece a colaboración do público para o bo desenvolvemento dos concertos e recórdalles que:

- Unha vez comezado o concerto, só permitírase o acceso á sala nas condicións fixadas polo artista, entre as que cabe a prohibición de entrada co concerto comezado, polo que se roga a máxima puntualidade.
- Antes de entrar na sala deben desconectar os seus teléfonos móbiles.
- En cumprimento da lexislación vixente, non está permitido fumar no interior do edificio nin consumir alimentos e bebidas dentro da sala.
- Con ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, está prohibido fotografar, filmar ou gravar no interior da sala.

### Outras observacións:

Despachos de billetes: Desde unha hora antes do comezo de cada función.

1. Só se venderán billetes para a función do día.
2. Suspenderase o servizo de entrega de billetes adquiridos por televenda.

Garantía: non está garantida a autenticidade dos billetes que non foron adquiridos nos puntos de venda oficiais.

Cambios: unha vez retirados os billetes non se admitirán devolucións. Solicítase polo tanto, que antes de facerse cargo dos billetes, se comprobe que os datos coinciden co solicitado.

Anulacións: esta programación está suxeita a modificacións de última hora. Calquera modificación ou anulación só dará dereito á devolución do diñeiro aboado, que será reembolsado a través do medio que se utilizou para a compra.

## Venda de billetes

Venda de billetes en [www.caixanova.es](http://www.caixanova.es), en Taquilla Telefónica 902 504 500 e na taquilla da Praza de Ourense.

**Horario de venda:** Internet as 24 horas os 7 días da semana, Taquilla Telefónica de 8:00 a 22:00 horas ininterrompidamente, de luns a sábados non festivos (902 504 500) e na taquilla da Praza de Ourense de 9.30 a 13:00 e de 16:30 a 19.30 horas.

**Compra de billetes:** cargo en contas Caixanova ou tarxetas Euro6000, Visa Crédito, Mastercard ou 4B de calquera entidade financeira.

**Recollida de billetes:** no despacho de billetes do recinto, na rede de oficinas Caixanova ou na taquilla da Praza de Ourense.

## INFORMACIÓN

IMCE - Avda. Alfonso Molina, s/n (Coliseum)  
15008 A Coruña  
[imce@coruna.es](mailto:imce@coruna.es)  
Tel: 981 134 450 - Fax: 981 136 001  
Programación: [www.coruna.es/quemais](http://www.coruna.es/quemais)

FUNDACIÓN CAIXANOVA  
[obrasocial@caixanova.com](mailto:obrasocial@caixanova.com)  
Tel.: 986 120 078

  
TEATRO  
ROSALÍA CASTRO

r/ Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña

  
COLISEUM

Avd. Alfonso Molina, s/n - 15006 A Coruña



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

fundación  
caixanova 